

NOVO CONTRATO DE FORMACIÓN EN ALTERNANCIA

Este contrato (antigo contrato para a formación para a aprendizaxe) vén regulado no artigo 11 apartado 2 do Estatuto dos Traballadores.

O obxectivo é que a **persoa traballadora poida compatibilizar o traballo coa formación**, xa sexa formación profesional, estudos universitarios ou formación do catálogo de especialidades formativas do Sistema Nacional de emprego. Isto significa que a persoa traballadora recibe unha formación, no marco do sistema de formación profesional para o emprego (certificados de profesionalidade) ou do sistema educativo (título de formación profesional, ou universitario) á vez que ten un contrato laboral, e por tanto, unha remuneración salarial.

Están reservados para **persoas traballadoras que non teñan cualificación profesional** obtida e recoñecida polo sistema de formación profesional para o emprego ou do sistema educativo, e que tampouco a teñan para a realización dun contrato formativo para a obtención de práctica profesional. **A idade das persoas estará comprendida entre 16 e 30 anos** aínda que non existirá este límite nas persoas con discapacidade e nos colectivos en situación de exclusión social previsto na lei 44/2007 cando sexan contratados por parte de empresas de inserción.

Duración. Mínimo tres meses- máximo 2 anos. Pode durar máis tempo cando o contrato sexa suspendido por IT, embarazo... ou calquera causa que suspenda o contrato de traballo. Non hai período de proba. Ao seu fin non haberá indemnización, si, por suposto, terá dereito a finiquito. Podería solicitar prestación por desemprego.

Contrato. Debe constar explicitamente: xornada, posto de traballo a desempeñar, salario, número de días de vacacións e convenio colectivo de aplicación, acordo para a actividade formativa e plan formativo individual no que constará o contido das prácticas, actividades de titoría...

Xornada. O tempo de traballo efectivo non poderá ser superior ao 65% o primeiro ano nin ao 85% o segundo. Pode concertarse a tempo parcial. Non se poden realizar horas extraordinarias nin complementarias salvo casos de forza maior como sinistros, reparacións urxentes...

Salario. Mínimo o SMI en proporción ao tempo de traballo.

EMPREGO ESTABLE, EMPREGO CON DEREITOS, POR DIGNIDADE

A información para todas e todos

<https://snepdgalicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>